

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO**SESIÓN DO DEZ DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE.****ASISTENTES:****Presidente:**

D. José Simoes Couceiro (en funcións)

Concelleiros/as:**PSdeG-PSOE**

D^a Raquel Caruncho Corral

D^a Yolanda Vázquez Busto

D. Daniel Ríos Fernández

D. Joshua Dopico López

D^a. Manuela García Fachal

D^a Alejandra Bellón Tenreiro

PP

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro

D. Luís Ángel Díaz González.

BNG

D. Luis Pena Mosquera

Non asisten, xustificada a súa ausencia.

D. Bernardo Fernández Piñeiro (PSdeG-PSOE)

D^a Ángela Piñeiro Carrera (PSdeG-PSOE)

D^a Rocío Souto Torre (BNG)

Na Casa Consistorial do concello de Ponte deume, sendo as doce horas e oito minutos do día dez de decembro de dous mil vinte, xúntanse en sesión extraordinaria do Pleno, primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, os concelleiros/as relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde-presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria Xeral da Corporación, Dona Ana Ramos Ramos.

Asiste a Interventora municipal, Dona Lucía Varela Martínez



A Presidencia abre a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1. APROBACIÓN DO LÍMITE DE GASTO NON FINANCIERO, DO ORZAMENTO MUNICIPAL E DO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O EXERCIZO DE 2021.

A Secretaria da lectura ao ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de asunto económicos e facenda, celebrada en sesión extraordinaria-urxente o día 4 de decembro de 2020, que se transcribe a continuación:

“2.- APROBACIÓN DO LÍMITE DE GASTO NON FINANCIERO, DO ORZAMENTO MUNICIPAL E DO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O EXERCIZO DE 2021

“PROPOSTA DE ACORDO

APROBACIÓN DO LÍMITE DE GASTO NON FINANCIERO, DO ORZAMENTO MUNICIPAL E DO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O EXERCIZO DE 2021

Expediente TEdC: 2020/T004/000004-2020/G006/000116)

En virtude do establecido na Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira respecto do límite de gasto non financeiro e sen prexuízo da suspensión das regras fiscais; 168 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais aprobado por Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, e do artigo 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril en relación coa aprobación do orzamento; e do artigo 90 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local en relación co cadro de persoal.

Tendo en conta os documentos que compoñen o expediente:

- A proposta de aprobación do límite de gasto non financeiro realízase por importe de 7.161.475,61 euros (de acordo co informe emitido pola Intervención municipal de referencia 251/2020)

- A proposta de aprobación do Proxecto do Orzamento Xeral para o exercicio económico 2021 cun importe equilibrado que ascende 7.171.475,61 euros, no Estado de Ingresos e no Estado de Gastos, xunto cos seguintes documentos:

** Proxecto de Orzamentos (detallando os estados de gastos e de ingresos en varias listaxes, a saber: estado de gastos; estado de gastos resumo por área de gasto e capítulo; estado de gasto por aplicacións orzamentarias; estado de ingresos e resumo por capítulos de gastos e ingresos)*

** Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións*

** Liquidación do orzamento do exercicio anterior e avance do corrente – neste caso se xunta o Decreto de aprobación da liquidación do exercicio 2019 e a remisión ao Ministerio da última información trimestral e avance de liquidación remitida, que é a correspondente ao terceiro trimestre de 2020.*

** Anexo dos investimentos a realizar no exercicio*

** Anexo do persoal municipal*



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- * Estado de previsión de movementos e situación da débeda
- * Bases de Execución
- * Anexo de beneficios fiscais en tributos locais
- * Anexo con información relativa aos convenios subscritos coas Comunidades Autónomas en materia de gasto social
- * Informe económico-financiero sobre as bases empregadas para o cálculo dos ingresos, suficiencia dos créditos e efectiva nivelación orzamentaria

- A proposta de aprobación do cadro de persoal, que deberá comprender todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual.

As dúas primeiras propostas foron informadas favorablemente pola Intervención municipal nos informes de referencia 250/2020 e 251/2020, asinados dixitalmente con data do 1 de decembro,.

Tendo en conta o anterior, esta Alcaldía-Presidencia somete a ditame da Comisión Informativa a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar o límite de gasto non financeiro, que marcará o teito de asignación de recursos dos orzamentos, por importe de 7.161.475,61 euros

SEGUNDO.- Aprobar o Orzamento Xeral da Corporación, que ascende a un importe de 7.171.475,61 euros no estado de gastos e de ingresos, con todos os documentos sinalados nos artigos 165 e 168.1 do TRLFL sinalados anteriormente, segundo o seguinte detalle por capítulos:

CAPÍTULOS GASTO	EUROS	CAPÍTULOS INGRESO	EUROS
G1- Gastos de persoal	2.972.428,69	I1- Impostos directos	2.027.566,13
G2- Gastos en bens e servizos	3.305.982,32	I2- Impostos indirectos	125.000
G3- Gastos financeiros	2.000	I3- Taxas e outros ingresos	1.905.725,12
G4- Transferencias correntes	444.818,30	I4- Transferencias correntes	2.870.002,23
G5-Continxencias	0	I5- Ingresos patrimoniais	13.585,83
G6- Investimentos reais	436.246,30	I6- Allem. Inves. Reai	0
G7- Transferencias de capital	0	I7- Transferencias de capital	219.596,30
G8- Activos financeiros	10.000	I8- Activos financeiros	10.000
G9- Pasivos financeiros	0	I9- Pasivos financeiros	0
EMPREGOS (CAP. 1-9)	7.171.475,61	RECURSOS (CAP. 1-9)	7.171.475,61

TERCEIRO.- Aprobar o cadro de persoal do persoal funcionario e laboral seguinte:

PLANTILLA DE PERSOAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME

PERSOAL FUNCIONARIO						
POSTO	GR./CD	Númer o de prazas	Corpo Escala	Subescala		



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

CÓDIGO						Situación
01.00.00.01.01	SECRETARIA XERAL	A1-30	1	H. Nacional	Secretaría. Categoría de Entrada	Propiedade
01.00.00.02.02	TECNICO DE ADMINISTRACIÓN LOCAL. XEFE DE SECRETARIA	A1-24	1	Ad. Xeral	Técnico Superior	Vacante
01.00.00.02.08	TÉCNICO DE XESTIÓN	A2-24	1	Ad. Xeral	Xestión	Vacante
01.00.00.03.03	ADMINISTRATIVOS	C1-18	3	Ad. General	Administrativa	2 Propiedade
01.00.00.03.04						1 Vacante
010.00.00.03.09						
01.00.00.03.05	AUX. ADMINISTRATIVO	C2-16	3	Ad. General	Auxiliar	Vacantes
01.00.00.03.10						
01.00.00.03.11	ÁREA ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉSIMO INTERNO					
01.00.00.03.06	ALCUACIL- PORTEIRO	E-14	1	Ag. Profesional	Subalterno	Vacante
02.00.00.01.01	INTERVENTOR	A1-30	1	H. Nacional	Intervención/ Tesourería Categoría de Entrada	Propiedade
02.00.00.02.02	XEFE INTERVENCION	B/C1-22	1	Ad. Xeral	Administrativa	Vacante
02.00.00.03.05	ADMINISTRATIVO- INFORMÁTICO	B/C-20	1	Ad. Xeral	Administrativa	Vacante
02.00.00.03.06	ADMINISTRATIVO ÁREA	C1-18	2	Ad. Xeral	Administrativa	1 Propiedade
02.00.00.03.09	ECONÓMICA /FINANCEIRA. INTERVENCIÓN					1 Vacante
02.00.00.03.11	AUXILIAR ADMINISTRATIVO. ÁREA ECONÓMICO FINANCEIRA . INTERVENCIÓN	C2-16	1	Ad. Xeral	Auxiliar	Vacante
02.00.00.01.08	TESORERO	A1-28	1	Ad. Xeral	Administrativa	Propiedade
	XEFE DE XESTIÓN DE PERSOAL E	B/C1-22	1	Ad. Xeral	Administrativa	Vacante



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

02.00.00.02.03	RECADACIÓN					
02.00.00.03.10	ADMINISTRATIVO. ÁREA ECONÓMICO FINANCEIRA. TESOURERÍA	C1-18	1	Ad. Xeral	Administrativa	Vacante
02.00.00.03.07	AUXILIAR ADMINISTRATIVO. ÁREA ECONÓMICO FINANCEIRA. TESOURERÍA	C2-16	1	Ad. General	Auxiliar	Vacante
03.00.00.01.01 03.00.00.01.02	ARQUITECTO	A1-28	2	Ad. Especial	Técnico Superior	Vacante 1
03.00.00.02.02	ARQUITECTO TÉCNICO	A2-24	1	Ad. Especial	Técnico Medio	Vacante.
03.00.00.03.03	ADMINISTRATIVO. ÁREA DE URBANISMO	C1-18	1	Ad. General	Administrativa	Vacante
03.00.00.03.04 03.00.00.03.06	AUX ADMTVO ÁREA DE URBANISMO	C2-16	2	Ad. General	Administrativa	Vacantes
03.00.00.03.05	AUX POL URBAN	C2-16	1	Ad. General	Auxiliar	Vacante
04.00.00.01.02	OFICIAL DE POLICIA	C1-18	1	Ad. Especial	Servizos Especiais	Vacante
04.00.00.02.03- 10	POLICIA	C1-16	8	Ad. Especial	Servizos Especiais	2 Propiedade 6 Vacantes
04.00.00.03.11	AUXILIAR ADMINISTRATIVO DE POLICIA	C2-16	1	Ad. Xeral	Auxiliar	Vacante
05.03.00.02.16	SEPULTUREIRO	E-12	1	Ag. Profesional Administra ción Especial	Persoal oficios	Vacante
06.00.00.01.01	TECNICO MEDIO EN SERVIZOS SOCIAIS	A2-26	1	Ad. Especial	Técnico Medio	Vacante
06.00.00.03.02	AUX ADMTVO. ÁREA SERVICIOS SOCIAIS	C2-16	1	Ad. General	Auxiliar	Vacante



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

07.00.00.03.02	ADMINISTRATIVO. ÁREA DE FORMACIÓN E EMPREGO.	C1-18	1	Ad. Xeral	Administrativa	Vacante
08.00.00.01.01	TÉCNICO DE XESTIÓN DEPORTIVA	A2-20	1	Ad. Especial	Técnico Medio	Vacante
08.00.00.03.02	AUXILIAR ADMINISTRATIVO. ÁREA DE DEPORTES.	C2-16	1	Ad. General	Auxiliar	Vacante
09.00.00.01.01	BIBLIOTECARIO- ARQUIVEIRO	A1-26	1	Ad. Especial	Técnico Superior	Propiedade
09.00.00.03.03	AUXILIAR ADMINISTRATIVO. ÁREA DE CULTURA E TURISMO	C2-16	1	Ad. General	Auxiliar	Vacante
09.00.00.02.03	TÉCNICO TURISMO	A2-20	1	Ad. Especial	Técnica	Vacante

PERSOAL LABORAL

CÓDIGO	POSTO	GR./CD	Número de prazas	Situación
01.00.00.02.07	NORMALIZADOR LINGÜÍSTICO	II-20	1	Vacante
05.00.00.01.01	ENCARGADO DE OBRAS E SERVIZOS	III-22	1	Vacante
05.01.00.02.02-03	OFICIAL 1ª	IV-14	2	Vacante
05.01.00.02.04-05	OFICIAL 2ª	V-12	2	Vacante
05.01.00.03.07	CONDUCTOR	IV-14	1	Vacante
05.01.00.03.08-10	PEÓN	V-12	3	Vacante (1)
05.02.00.02.12-13	XARDINEIRO	IV-14	2	Vacante (2)
05.02.00.03.14-15	PEÓN UNIDADE DE PARQUES E XARDÍNS	V-12	1	Vacante
05.04.00.02.17	ENCARGADO DE MERCADO	V-12	1	Vacante
05.05.01.02.18	ENCARGADO DO PUNTO LIMPO	IV-16	1	Vacante



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

05.05.01.02.19-20	CONDUCTOR CAMIÓN RECOLLIDA DE LIXO	IV-14	2	Vacante (1)
05.05.01.03.21-23	PEÓN RECOLLIDA DE LIXO	V-12	3	Vacante (1)
05.05.02.03.24-30	BARRENDEIRO	V-12	6	Vacante (4)
05.05.03.03.31-38	LIMPADOR	V-12	8	Vacante (7)
06.01.00.02.03	PSICOLOGO	I-22	1	Vacante
06.01.00.03.04	ASISTENTE SOCIAL	II-20	1	Vacante
06.02.00.02.05	ANIMADOR SOCIAL	II-20	1	Vacante
06.03.00.02.07	EDUCADOR SOCIAL	II-20	1	Vacante
06.03.00.03.08-15	AUXILIAR DE FOGAR	V-12	8	Vacante
07.00.00.03.03	CONSERXE- CONDUCTOR	IV-14	1	Vacante
07.00.00.03.05	INFORMATICO	III-18	1	Vacante

PERSONAL FUNCIONARIO POR PROGRAMAS

POSTO	GR-CD.	N.º DE PRAZAS	Remate Nomeamento
TECNICO INFORMATICO	C1-18	1	31/07/21

PERSONAL LABORAL CON CONTRATOS DE DURACIÓN DETERMINADA.

POSTO	N.º de prazas	Remate Contrato
ANIMADOR CULTURAL	1	Fin de servizo.
ANIMADOR DEPORTIVO	1	Fin de servizo.
AXENTE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL	1	Fin de servizo.
PEON, APROL RURAL	1	26/06/2020 A 28/03/2021
PEON PEL	4	02/07/2020 A 31/12/2020
AUXILIAR DE POLICIA	4	FIN CONTRATO UTLIMA CONTRATACIÓN 18/01/2020
LIMPADOR/A EDIFICIOS	1	Interinidade substitución por IT



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

LIMPADOR/A VIAS PÚBLICAS	1	Interinidade, substitución por IT
PEÓN VÍAS E OBRAS	1	Interinidade substitución por IT

CUARTO.- Expoñer ao público o orzamento xeral para o 2021, polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, para os efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

QUINTO.- Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presenten reclamacións, debendo publicar o orzamento resumido por capítulos no BOP, xunto co cadro de persoal.

SEXTO.- Do orzamento xeral definitivamente aprobado remitirase copia á Administración do Estado e á CCAA simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial do anuncio para a publicación da aprobación definitiva; e en aplicación do artigo 8.d) da Lei de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase na sede electrónica.

Non entanto, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno

Documento asinado dixitalmente por Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Ponte deume a 2 de decembro de 2020."

A Presidencia abre a quenda para o debate...//...

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita por **6 votos a favor** das concelleiras e concelleiros do Grupo Municipal do PSdG-PSOE (5): D. José Simoes Couceiro, Dña. Raquel Caruncho Corral, D. Daniel Ríos Fernández. D^a. Manuela García Fachal, D^a Alejandra Bellón Tenreiro; e do PP (1): D. Luis Ángel Díaz González, e **1 abstención** do concelleiro do BNG: D. Luis Pena Mosquera."

A Presidencia abre a quenda para o debate, tomando a palabra o Sr. Ríos do PSdeG-PSOE, para indicar que:

Bos días a todos e a todas,

Hoxe traemos o pleno municipal o documento final dos orzamentos 2021 de cara a súa aprobación. Un documento axustado á realidade económica e sanitaria que estamos a vivir, seguindo un criterio de prudencia e coa finalidade de manter unha economía municipal saneada. Por iso se configura con unha previsión de gastos e estimación de ingresos contando cun primeiro semestre do ano marcado aínda pola crise sanitaria.

Nos orzamentos sociais que hoxe presentanse ante este pleno, concretase parte do programa de actuación deste goberno, tamén aportación feitas polo resto de grupos, e como non, tamen as aportacións das entidades que forman o tecido cultural e deportivo desta vila.

A continuación, farei un breve resumo por capítulos tanto na área de ingresos como na de gastos cos aspectos máis destacados en cada unha delas.

No ESTADO DE INGRESOS lembrar que seguimos a liña levada a cabo durante os últimos anos por este goberno que é a de non subir ningún imposto ou taxa municipal.



En canto o capítulo I – Impostos directos as estimacións traen a súa base, na contificación realista do potencial hacendístico municipal baseándose na liquidación dos ditos conceptos no ano 2019, previsión de liquidación no ano 2020 e actualización dos padróns, tendo en conta, no caso do Imposto sobre bens inmobles, a regularización catastral levada a cabo no exercicio 2017, e a contía pendente de ingresar nas entregas a conta que se veñen realizando neste ano 2020, aumentándose a previsión de ingresos para o ano 2021 no IBI rústica e minorándose en IBI Urbana. As previsións neste conceptos no seu conxunto supoñen unha minoración na contía de 30.408,64 euros no seu total, ao non preverse xa a contía consignada e correspondente a liquidacións de atrasos no ano 2020, e tamén pola previsión de menor contía de recadación en executiva.

Polo que se refire ao Imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM), Imposto sobre actividades económicas (IAE) e IBI de características especiais, mantéñense iguais previsións ca as consignadas inicialmente no exercicio 2020.

En canto ao imposto sobre o incremento sobre o valor dos terreos de natureza urbana (IIVTNU), as previsións iniciais increméntanse con respecto ao consignado en 2020, toda vez que neste ano se recollían en previsións iniciais 115.000 euros e ata o mes de novembro se tiñan recadado máis de 205.000 euros, razón pola que se prevé un maior importe para o ano 2021, que ascende aos 180.000 euros.

Polo que se refire ao capítulo 2 - impostos indirectos, aplícanse criterios de prudencia na contificación das estimacións de liquidacións de imposto de construcións, instalacións e obras, prevendo iguais ingresos ca os orzamentados en 2020, derivado fundamentalmente do retraso na tramitación de determinados proxectos que se preveía tramitar en 2020, pero como consecuencia da crise sanitaria derivada do COVID 2019 e a paralización que supuxo en determinados expedientes supón a necesidade de prever o desenvolvemento dos ditos proxectos neste último mes do ano 2020 o xa no exercicio 2021.

Nunha previsión moi prudente, minoráse o Capítulo 3 de taxas e outros ingresos. Polo que se refire aos ingresos de abastecemento, alcantarillado e depuración, tense en conta igual contía que no exercicio 2020, salvo no servizo de abastecemento, que se minorou en 10.204,94 euros, tendo en conta os padróns aprobados dende o último trimestre de 2019 ao terceiro de 2020; de forma que quedan máis axustados aos importes recoñecidos nos ditos padróns.

O resto de taxas por realización de actividades de competencia local e por utilización privativa, aproveitamento especial do dominio público local ou licenzas se calculan tendo en conta os datos de liquidación 2019 e previsións de liquidación do orzamento para 2020, tendo en conta que se prevé o mantemento da situación actual da crise sanitaria ata polo menos a metade do ano 2021, polo que se minoran algunhas previsións con respecto a 2020.

No capítulo 4 de Transferencias correntes pódense analizar as previsións nos seguintes conceptos:

Respecto da Participación nos tributos do Estado consígnase un incremento do 1,5% con respecto á contía prevista en 2020 atendendo á consulta realizada ao Minsiterio. Pola súa banda, o artigo 46 do orzamento de ingresos recolle as contías de financiamento previstas de normalización lingüística, animador cultural e deportivo, así como a achega do POS+2021 para gasto corrente, e o Plan de financiamento dos servizos sociais municipais 2021. No dito artigo tamén se inclúe a previsión de ingreso polo mantemento da aula CeMIT.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Neste punto debe reiterarse a extremada prudencia á hora de prever os compromisos de subvencións, xa que se opta por orzamentar unicamente algunhas subvencións que se repiten todos os anos e, ao longo do exercicio, no momento en que se conceden outras subvencións, modificar o orzamento mediante xeracións de crédito

En canto o Capítulo 7. transferencias de capital se inclúe a contía prevista no POS+2021 para financiar investimentos.

Neste punto sinalar tamén que a medida que se concedan novas subvencións non previstas inicialmente para financiar investimentos se incrementará o dito capítulo mediante as modificacións orzamentarias procedentes, igual ca as incorporacións de remanentes que se realicen con cargo a compromisos concertados non realizados en 2020.

Relativo o Capítulo 8 - Activos financeiros dótase con 10.000 euros, manténdose as previsións de anos anteriores.

Por último, en canto o capítulo 9 - Pasivos financeiros Non se prevé concertación de novos préstamos no orzamento inicial de 2021.

No ESTADO DE GASTOS relativo o capítulo 1 a contía total destinada ascende a 2.972.428,69 euros, exactamente igual contía ca a consignada no orzamento de 2020. Neste eido faremos unha aposta decidida polo emprego, suplementando con recursos propios o plan de emprego local da Deputación da Coruña o que nos permitirá contratar entre 10 e 15 persoas durante todo o ano para os departamentos de vías e obras, xardinería e servizos.

Relativo o capítulo 2 - Gastos en bens correntes e servizos a consignación cifrase en 3.305.982,32 €, o que supón o 44,55% do total do gasto. Este capítulo incrementouse na contía de 79.258,04 euros, tendo en conta o maior custo que supón para o concello todo o gasto extraordinario derivado do COVID-19. Igualmente, prevénse maiores gastos por apertura de novos servizos, como puidera ser o do mercado municipal.

No capítulo 3 - Gastos financeiros e de amortización a cantidade consignada por importe total de 2.000 euros refírese aos xuros previstos de operacións financeiras.

En canto o capítulo 4 – Transferencias Correntes dótanse os créditos necesarios para atender aos importes das transferencias e subvencións correntes con repercusión en distintas áreas municipais, por importe total de 444.818,30 euros, incrementándose nun 21,04% con respecto ao consignado no ano 2020. Neste capítulo cabe destacar os 50.000 euros destinados para unha liña que axude a paliar a crise e na medida do posible a revitalizar o sector da hostelería e o comercio ou o incremento do 10% nas axudas de material escolar.

No relativo o capítulo 6 – Investimentos, os créditos dedicados á realización destes explícanse no anexo correspondente destacando entre outros obras como a primeira fase de aglomerado de camiño do coves ao seu paso polas parroquias de Nogueirosa e Andrade, a pavimentación da rua mancebo ou a substitución das portas na unitaria de Ombre.

Por último en canto o capítulo 8 dótase con 10.000 euros, manténdose as previsións de anos anteriores



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Como comentei ao comezo, este é un breve resumo de cada capítulo en ambas áreas. Un orzamento para o ano 2021 que ascende a preto dos 7.200.000, case un 3% mais que no ano anterior, en concreto 7.171.475, 61€ e no que me gustaría destacar entre outras cousas:

- O aumento do case o 13% en gasto social nestes dous últimos presupostos.
- Un importante esforzo inversor incrementándose porcentualmente case un 170% o capítulo 6.
- Unha aposta clara polo emprego suplementando a partida do plan de emprego da Deputación da Coruña con recursos propios, o que nos permitirá contratar entre 10-15 persoas ao longo do ano.
- O aumento do 10% na partida de axudas de material escolar
- A exención do cobro das terrazas para a hostelería
- Ou unha nova liña de axudas cun importe de 50.000 euros para comercio e a hostelería

Xa para finalizar, volvo a reiterar que se trata dun orzamento social, realista coa situación económica e sanitaria que estamos a vivir, pensados por e para os vecinos e veciñas de Ponte deume, que tenta recoller na medida do posible as demandas das distintas entidades do noso tecido asociativo, mantendo e en algún caso incrementado os servizos aos nosos veciños, e todo isto, sen subir ningún imposto ou taxa municipal."

Por parte do voceiro do PP, Sr. Rodríguez, en síntese, intervén para felicitar ao equipo de goberno por traer a aprobación os orzamentos, así como aos técnicos municipais. Observan incrementos sen subida de impostos, o que é de agradecer. Se lles informou do contido e polo tanto non hai obxexión.

Por parte do voceiro do BNG, Sr. Pena indícase en síntese que, o orzamento, é ferramenta política para facer política para 2021. Non ven ningunha medida política que cambie nada. Os grandes problemas que ten o concello, plantilla e saturación de traballo, o orzamento di algo para facer os cambios, se cuestiona. Igual plantilla de traballadores, e plantilla vacante, que en lugar de resolver estes problemas se acrecentan.

Os grandes problemas de Ponte deume, de falta de infraestruturas culturais e deportivas, qué dí o orzamento disto. Todo o mundo sabe que se necesita auditorio, tamaño medio, grande, onde está o orzamento para facer isto. Presenta o orzamento de 2021 algunha solución para isto, pregunta. Os grandes gastos están sen contrato: escola infantil, piscina, custo do concello, que non sabemos nin sequera os gastos que xera, , abastecemento, ... todos sen solución. E qué ofrece o orzamento de 2021 para cambialo. Contratos menores, prorrogados, todos os servizos reparados por intervención. Lixo, sen contratos ou caducados. Reparos iguais todos os anos en subvencións dadas a dedo. Qué fan para cambiar a plantilla que consume o 40%, que descoñece se é similar a concellos da mesma poboación. Conta xeral 2019, informes emitidos. 83 informes de reparo, 7 ao mes, 2 á semana. Abultados dereitos pendentes de cobro. Non ve que vaian cambiar ningún dos problemas reais que vamos a mellorar para 2021, do concello que colleron no 2015.

Datos importantes, na conta de 2019, moi similar o orzamento que o do ano pasado. De adjudicación directa 60% contratos a dedo. Por tanto, o punto de vista, se non melloran como ferramenta de facer política. Esperan a súa contestación e votarán en consecuencia.

O Sr. Ríos, no segundo turno de palabra aberto pola Presidencia, indica que o voceiro do BNG está equivocado, porque fala do punto seguinte en relación co informe de intervención da Conta Xeral e agora estamos votando os orzamentos de 2021. As subvencións nominativas



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

non hai xa dende o ano pasado, se convocan por concurrencia. Afirma que estase mellorando. En materia de persoal, mentres non se poida contratar por culpa dunha lei de Mariano Rajoy, a situación é a que é. Afirma que hai investimento en parroquias.camións, abastecementos e saneamentos (90% en parroquias). Está equivocado. Contratos menores, teñen lexislación bastante clara e faise como se dí na lei.

O voceiro do BNG afirma que o orzamento de 2021 é similar ao 2020, 3% ou 4% de diferenza, non hai case variedade, e vanse repetir os mesmos problemas, os mesmos grandes problemas, non se resolven os grandes problemas do concello: contratos a dedo, facturas non fiscalizadas ou con reparos..., vai a pasar o mesmo...os contratos gordos, todos están sen contrato, non ven que no orzamento de 2021 vaiamos a mellorar. Non é significativo. Grazas polas explicacións. Plantilla, nada que facer, poden presentar unha RPT, instrumento organizativo, que necesitamos...non temos nin sequera a base ou estrutura que queremos.

O Presidente da sesión, Alcalde en función, indica en síntese que por moito que modifiquemos a RPT estamos nas mesmas, porque non podemos contratar. Hai unha RPT de 2007, a plantilla toda está orzamentada, non se pode quitar mais que a taxa de reposición. Teñen interinos a base de xustificalos moito. Carga de traballo tremenda. O equipo de goberno deu pasos, votaron a favor de modificacións da RPT. Hai oferta de emprego público para resolver a temporalidade. Fan o que poden, afirma. Diariamente faise un traballo intenso. Os contratos non van nos presupostos. Se teñen que licitar e os pregos estanse facendo, coa nova secretaria, van intentar informar os que hai, de feito, fixéronse convenios con outras administración para poder xestionar contratación, informar, pregos e outras cousas. Algo facemos, e avanzamos. Proximamente, verase a luz dos pregos e de moitas cousas mais. Non se pode dispor de 1 millón e medio de euros para facer un auditorio, segundo propón o voceiro do BNG.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 9 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdG-PSOE (7); D. José Simoes Couceiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Yolanda Vázquez Busto, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D^a. Manuela García Fachal e D^a Alejandra Bellón Tenreiro; e PP (2): Luis Angel Díaz González e D. Santiago José Rodríguez Piñeiro, do Grupo Municipal do PP; e **1 abstencións** do concelleiro do Grupo Municipal do **BNG**: D. Luis Pena Mosquera, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar o límite de gasto non financeiro, que marcará o teito de asignación de recursos dos orzamentos, por importe de 7.161.475,61 euros

SEGUNDO.- Aprobar o Orzamento Xeral da Corporación, que ascende a un importe de 7.171.475,61 euros no estado de gastos e de ingresos, con todos os documentos sinalados nos artigos 165 e 168.1 do TRLFL sinalados anteriormente, segundo o seguinte detalle por capítulos:

CAPÍTULOS GASTO	EUROS	CAPÍTULOS INGRESO	EUROS
G1- Gastos de persoal	2.972.428,69	I1- Impostos directos	2.027.566,13
G2- Gastos en bens e servizos	3.305.982,32	I2- Impostos indirectos	125.000



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

G3- Gastos financeiros	2.000	I3- Taxas e outros ingresos	1.905.725,12
G4- Transferencias correntes	444.818,30	I4- Transferencias correntes	2.870.002,23
G5-Continxencias	0	I5- Ingresos patrimoniais	13.585,83
G6- Investimentos reais	436.246,30	I6- Allem. Inves. Reai	0
G7- Transferencias de capital	0	I7- Transferencias de capital	219.596,30
G8- Activos financeiros	10.000	I8- Activos financeiros	10.000
G9- Pasivos financeiros	0	I9- Pasivos financeiros	0
EMPREGOS (CAP. 1-9)	7.171.475,61	RECURSOS (CAP. 1-9)	7.171.475,61

TERCEIRO.- Aprobar o cadro de persoal do persoal funcionario e laboral seguinte:

PLANTILLA DE PERSOAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME

PERSONAL FUNCIONARIO						
CÓDIGO	POSTO	GR./CD	Número de prazas	Corpo Escala	Subescala	Situación
01.00.00.01.01	SECRETARIA XERAL	A1-30	1	H. Nacional	Secretaría. Categoría de Entrada	Propiedade
01.00.00.02.02	TECNICO DE ADMINISTRACIÓN LOCAL. XEFE DE SECRETARIA	A1-24	1	Ad. Xeral	Técnico Superior	Vacante
01.00.00.02.08	TÉCNICO DE XESTIÓN	A2-24	1	Ad. Xeral	Xestión	Vacante
01.00.00.03.03 01.00.00.03.04 010.00.00.03.09	ADMINISTRATIVOS	C1-18	3	Ad. General	Administrativa	2 Propiedade 1 Vacante
01.00.00.03.05 01.00.00.03.10	AUX. ADMINISTRATIVO ÁREA ADMINISTRACIÓN	C2-16	3	Ad. General	Auxiliar	Vacantes



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

01.00.00.03.11	XERAL E RÉSIMO INTERNO					
01.00.00.03.06	ALCUACIL- PORTEIRO	E-14	1	Ag. Profesional	Subalterno	Vacante
02.00.00.01.01	INTERVENTOR	A1-30	1	H. Nacional	Intervención/ Tesourería	Propiedade
					Categoría de Entrada	
02.00.00.02.02	XEFE INTERVENCION	B/C1-22	1	Ad. Xeral	Administrativa	Vacante
02.00.00.03.05	ADMINISTRATIVO- INFORMÁTICO	B/C-20	1	Ad. Xeral	Administrativa	Vacante
02.00.00.03.06	ADMINISTRATIVO	C1-18	2	Ad. Xeral	Administrativa	1 Propiedade
02.00.00.03.09	ÁREA ECONÓMICA /FINANCEIRA. INTERVENCIÓN					1 Vacante
02.00.00.03.11	AUXILIAR ADMINISTRATIVO. ÁREA ECONÓMICO FINANCEIRA . INTERVENCIÓN	C2-16	1	Ad. Xeral	Auxiliar	Vacante
02.00.00.01.08	TESORERO	A1-28	1	Ad. Xeral	Administrativa	Propiedade
02.00.00.02.03	XEFE DE XESTIÓN DE PERSOAL E RECADACIÓN	B/C1-22	1	Ad. Xeral	Administrativa	Vacante
02.00.00.03.10	ADMINISTRATIVO. ÁREA ECONÓMICO FINANCEIRA. TESOURERÍA	C1-18	1	Ad. Xeral	Administrativa	Vacante
02.00.00.03.07	AUXILIAR ADMINISTRATIVO. ÁREA ECONÓMICO FINANCEIRA. TESOURERÍA	C2-16	1	Ad. General	Auxiliar	Vacante
03.00.00.01.01	ARQUITECTO	A1-28	2	Ad. Especial	Técnico Superior	Vacante 1
03.00.00.01.02						
03.00.00.02.02	ARQUITECTO TÉCNICO	A2-24	1	Ad. Especial	Técnico Medio	Vacante.
03.00.00.03.03	ADMINISTRATIVO. ÁREA DE URBANISMO	C1-18	1	Ad. General	Administrativa	Vacante
03.00.00.03.04	AUX ADMTVO	C2-16	2	Ad.	Administrativa	Vacantes



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

03.00.00.03.06	ÁREA DE URBANISMO			General		
03.00.00.03.05	AUX POL URBAN	C2-16	1	Ad. General	Auxiliar	Vacante
04.00.00.01.02	OFICIAL DE POLICIA	C1-18	1	Ad. Especial	Servizos Especiais	Vacante
04.00.00.02.03-10	POLICIA	C1-16	8	Ad. Especial	Servizos Especiais	2 Propiedade 6 Vacantes
04.00.00.03.11	AUXILIAR ADMINISTRATIVO DE POLICIA	C2-16	1	Ad. Xeral	Auxiliar	Vacante
05.03.00.02.16	SEPULTUREIRO	E-12	1	Ag. Profesional Administración Especial	Persoal oficios	Vacante
06.00.00.01.01	TECNICO MEDIO EN SERVICIOS SOCIAIS	A2-26	1	Ad. Especial	Técnico Medio	Vacante
06.00.00.03.02	AUX ADMTVO. ÁREA SERVICIOS SOCIAIS	C2-16	1	Ad. General	Auxiliar	Vacante
07.00.00.03.02	ADMINISTRATIVO. ÁREA DE FORMACIÓN E EMPREGO.	C1-18	1	Ad. Xeral	Administrativa	Vacante
08.00.00.01.01	TECNICO DE XESTIÓN DEPORTIVA	A2-20	1	Ad. Especial	Técnico Medio	Vacante
08.00.00.03.02	AUXILIAR ADMINISTRATIVO. ÁREA DE DEPORTES.	C2-16	1	Ad. General	Auxiliar	Vacante
09.00.00.01.01	BIBLIOTECARIO-ARQUIVEIRO	A1-26	1	Ad. Especial	Técnico Superior	Propiedade
09.00.00.03.03	AUXILIAR ADMINISTRATIVO. ÁREA DE CULTURA E TURISMO	C2-16	1	Ad. General	Auxiliar	Vacante
09.00.00.02.03	TÉCNICO TURISMO	A2-20	1	Ad.	Técnica	Vacante



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

PERSONAL LABORAL				
CÓDIGO	POSTO	GR./CD	Número de prazas	Situación
01.00.00.02.07	NORMALIZADOR LINGÜÍSTICO	II-20	1	Vacante
05.00.00.01.01	ENCARGADO DE OBRAS E SERVIZOS	III-22	1	Vacante
05.01.00.02.02-03	OFICIAL 1ª	IV-14	2	Vacante
05.01.00.02.04-05	OFICIAL 2ª	V-12	2	Vacante
05.01.00.03.07	CONDUCTOR	IV-14	1	Vacante
05.01.00.03.08-10	PEÓN	V-12	3	Vacante (1)
05.02.00.02.12-13	XARDINEIRO	IV-14	2	Vacante (2)
05.02.00.03.14-15	PEÓN UNIDADE DE PARQUES E XARDÍNS	V-12	1	Vacante
05.04.00.02.17	ENCARGADO DE MERCADO	V-12	1	Vacante
05.05.01.02.18	ENCARGADO DO PUNTO LIMPO	IV-16	1	Vacante
05.05.01.02.19-20	CONDUCTOR CAMIÓN RECOLLIDA DE LIXO	IV-14	2	Vacante (1)
05.05.01.03.21-23	PEÓN RECOLLIDA DE LIXO	V-12	3	Vacante (1)
05.05.02.03.24-30	BARRENDEIRO	V-12	6	Vacante (4)
05.05.03.03.31-38	LIMPADOR	V-12	8	Vacante (7)
06.01.00.02.03	PSICOLOGO	I-22	1	Vacante
06.01.00.03.04	ASISTENTE SOCIAL	II-20	1	Vacante
06.02.00.02.05	ANIMADOR SOCIAL	II-20	1	Vacante
06.03.00.02.07	EDUCADOR SOCIAL	II-20	1	Vacante
06.03.00.03.08-15	AUXILIAR DE FOGAR	V-12	8	Vacante
07.00.00.03.03	CONSERXE-CONDUCTOR	IV-14	1	Vacante



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

07.00.00.03.05	INFORMATICO	III-18	1	Vacante
----------------	-------------	--------	---	---------

PERSONAL FUNCIONARIO POR PROGRAMAS

POSTO	GR-CD.	N.º DE PRAZAS	Remate Nomeamento
TECNICO INFORMATICO	C1-18	1	31/07/21

PERSONAL LABORAL CON CONTRATOS DE DURACIÓN DETERMINADA.

POSTO	N.º de prazas	Remate Contrato
ANIMADOR CULTURAL	1	Fin de servizo.
ANIMADOR DEPORTIVO	1	Fin de servizo.
AXENTE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL	1	Fin de servizo.
PEON, APROL RURAL	1	26/06/2020 A 28/03/2021
PEON PEL	4	02/07/2020 A 31/12/2020
AUXILIAR DE POLICIA	4	FIN CONTRATO UTLIMA CONTRATACIÓN 18/01/2020
LIMPADOR/A EDIFICIOS	1	Interinidade substitución por IT
LIMPADOR/A VIAS PÚBLICAS	1	Interinidade, substitución por IT
PEÓN VÍAS E OBRAS	1	Interinidade substitución por IT

CUARTO.- Expoñer ao público o orzamento xeral para o 2021, polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, para os efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

QUINTO.- Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presenten reclamacións, debendo publicar o orzamento resumido por capítulos no BOP, xunto co cadro de persoal.

SEXTO.- Do orzamento xeral definitivamente aprobado remitirase copia á Administración do Estado e á CCAA simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial do anuncio para a publicación da aprobación definitiva; e en aplicación do artigo 8.d) da Lei de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase na sede electrónica.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2. CONTA XERAL DO EXERCIZO 2019.

A Secretaria da lectura á Proposta de acordo, que se transcribe a continuación:

“ PROPOSTA DA ALCALDÍA

CONTA XERAL DO EXERCIZO 2019.

(Expediente TDeC: 2020/X999/000171-2020/G006/000118)

Visto o informe favorable da Comisión Especial de Contas de 14.10.2020 ao expediente comprensivo da Conta Xeral desta entidade correspondente ao exercizo 2019 integrada polos estados e documentos contables da Corporación de acordo co seguinte:

1. BALANCE DE SITUACIÓN: 33.194.491,40 euros (activo e pasivo)

2. RESULTADO ORZAMENTARIO:

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	
a. Dereitos recoñecidos por operacións non financeiras	7.056.585,20
a.1. Dereitos recoñecidos netos por operacións correntes (Cap. I a V)	6.352.319,29
a.2. Dereitos recoñecidos netos por operacións de capital (Cap. VI e VII)	704.265,91
b. Dereitos recoñecidos netos por activos financeiros	3.439,32
c. Dereitos recoñecidos netos por pasivos financeiros	0
Total dereitos recoñecidos	7.060.024,52
a. Obrigas recoñecidas por operacións non financeiras	6.778.849,04
a.1. Obrigas recoñecidas netas por operacións correntes (Cap. I a IV)	5.854.191,71
a.2. Obrigas recoñecidas netas por por operacións de capital (Cap. VI e VII)	924.657,33
b. Obrigas recoñecidas netas por activos financeiros	2.922,64
c. Obrigas recoñecidas netas por pasivos financeiros	0
Total obrigas recoñecidas	6.781.771,68
RESULTADO ORZAMENTARIO ANTES DE AXUSTES	278.252,84
AXUSTES	
(+) Créditos gastados financiados con RLT para gastos xerais	165.654,77
(+) Desviacións de financiamento negativas do exercicio	472.948,97
(-) Desviacións de financiamento positivas do exercicio	625.050,59
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO	291.805,99

3. 3. REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA:

1. Fondos líquidos	1.260.862,57
--------------------	--------------



2. Dereitos pendentes de cobro (2.a +2.b +2.c -2.d)		9.205.023,84
2.a. Do orzamento corrente	867.814,57	
2.b De orzamentos pechado	8.311.054,73	
2.c De operacións non orzamentarias	26.154,54	
3. Obrigas pendentes de pago (3.a +3.b +3.c -3.d)		7.934.058,34
3.a. Do orzamento corrente	484.691,85	
3.b. De orzamentos pechados	7.203.452,73	
3.c. De operacións non orzamentarias	245.913,76	
4. Partidas pendentes de aplicación		-20.002,99
4.1 Cobros realizados pendentes de aplicación	159.575,87	
4.2 Pagos realizados pendentes de aplicación	139.572,88	
I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL		2.511.825,08
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO		798.522,67
III. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO		36.943,96
IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS		1.676.358,45

4. 4.- OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA:

CONCEPTOS	IMPORTES
Ingresos liquidados presupuesto 2019 (capítulos 1 a 7)	7.056.775,48
Créditos liquidados presupuesto 2019 (capítulos 1 a 7)	6.778.849,04
TOTAL (a - b)	277.926,44
AXUSTES	
1) Axustes recadación capítulo 1	-1.334,09
2) Axustes recadación capítulo 2	-12.888
3) Axustes recadación capítulo 3	-113.397,23
4) Axuste por notificación liquidación negativa PIE2017	-23.862,74
5) Axuste por gastos pendentes de imputar a orzamento	504.517,83
6) Axuste por devolucións de ingresos pendentes de imputar a orzamento	-2.350,50
Total axustes	350.685,27
TOTAL CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO	628.611,71

5. 5.- OBXECTIVO REGRA DE GASTO:

o límite da regra de gasto en 2019 sería de 5.296.823,38 euros.

Gasto computable	IMPORTES
1. Suma capítulos 1 a 7, deducidos gastos financeiros	6.767.837,41
2. Axustes SEC (2019)	-504.517,83
3. Total empregos non financeiros términos SEC excepto intereses da débeda	6.263.319,58
4. Gasto financiado con fondos finalistas (-)	-1.509.091,04
5. Total Gasto computable Liquidación 2019	4.754.228,54



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Logo de que o expediente fora sometido a información pública polo prazo de 15 días conforme ao establecido no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (RDL 2/2004 de 5 de marzo), publicado no Boletín Oficial da Provincia nº176 de 21.10.2020.

Visto que durante o dito prazo, máis oito días seguintes, non se presentaron reclamacións, conforme se acredita nos documentos que obran no expediente.

Tendo en conta o anterior e considerando a normativa aplicable, esta Alcaldía **PROPÓN** ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO: A aprobación definitiva da Conta Xeral correspondente ao exercizo de 2019, así como da documentación complementaria que se xunta ao expediente, considerando que na elaboración, formación e tramitación da conta xeral correspondente ao exercicio 2019 se observaron as prescricións para este efecto contidas no Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en adiante TRLRFL; Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1998, reguladora das facendas locais (enténdase TRLRFL), en materia de orzamentos; Orde HAP/1781/2013 de 20 de setembro pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local (en adiante ICAL); as Normas de Valoración desenvolven os Principios Contables e se atopan reguladas na segunda parte do PGCP (Orden EHA/1037/2010, de 13 de abril, pola que se aproba o Plan Xeral de contabilidade Pública).

SEGUNDO: Que unha vez que se aprobe polo Pleno da Corporación, se remita ao Consello de Contas e se rinda ao Tribunal de Cuentas; e, en aplicación do artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, artigo 8.1.e), tamén deberá facerse pública a información relativa ás contas anuais mediante a súa publicación na páxina web ou sede electrónica."

A Presidencia abre a quenda para o debate, tomando a palabra os voceiros de cada grupo para adiantar o sentido da súa votación, sen máis intervencións significativas.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 9 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdG-PSOE (7); D. José Simoes Couceiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Yolanda Vázquez Busto, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D^a. Manuela García Fachal e D^a Alejandra Bellón Tenreiro; e PP (2): Luis Angel Díaz González e D. Santiago José Rodríguez Piñeiro, do Grupo Municipal do PP; e **1 abstencións** do concelleiro do Grupo Municipal do **BNG**: D. Luis Pena Mosquera, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO: A aprobación definitiva da Conta Xeral correspondente ao exercizo de 2019, así como da documentación complementaria que se xunta ao expediente, considerando que na elaboración, formación e tramitación da conta xeral correspondente ao exercicio 2019 se observaron as prescricións para este efecto contidas no Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en adiante TRLRFL; Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1998, reguladora das facendas locais (enténdase TRLRFL), en materia de orzamentos; Orde HAP/1781/2013 de 20 de setembro pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local (en adiante ICAL); as Normas de Valoración desenvolven os Principios Contables e se atopan reguladas na segunda parte do PGCP (Orden EHA/1037/2010, de 13 de abril, pola que se aproba o Plan Xeral de contabilidade Pública).



SEGUNDO: Que unha vez que se aprobe polo Pleno da Corporación, se remita ao Consello de Contas e se rinda ao Tribunal de Cuentas; e, en aplicación do artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, artigo 8.1.e), tamén deberá facerse pública a información relativa ás contas anuais mediante a súa publicación na páxina web ou sede electrónica.

3.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL 172/2020 SOBRE REPAROS EFECTUADOS POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL NO EXERCICIO 2019 E ANOMALÍAS DETECTADAS EN MATERIA DE INGRESOS, ASÍ COMO ACORDOS ADOPTADOS CON OMISIÓN DO TRÁMITE DE FISCALIZACIÓN PREVIA

Pola Secretaria dase conta da proposta de acordo que obra no expediente, do seguinte teor literal:

“DACIÓN DE CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL 172/2020 SOBRE REPAROS EFECTUADOS POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL NO EXERCICIO 2019 E ANOMALÍAS DETECTADAS EN MATERIA DE INGRESOS, ASÍ COMO ACORDOS ADOPTADOS CON OMISIÓN DO TRÁMITE DE FISCALIZACIÓN PREVIA

(Expediente TDeC: 2020/X999/000344-2020/G006/000119)

Logo da toma de razón polas persoas membro da Comisión Especial de contas, en sesión Extraordinaria celebrada o día 14.10.2020, do Informe da Intervención Municipal, 172/2020 de “Reparos efectuados pola Intervención municipal no exercicio 2019 e anomalías detectadas en materia de ingresos, así como acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa para incluír en punto separado da orde do día con ocasión da aprobación da CONTA XERAL 2019”, co seguinte tenor literal:

“Artículo 218 Informes sobre resolución de discrepancias

1. *El órgano interventor elevará informe al Pleno de todas las resoluciones adoptadas por el Presidente de la Entidad Local contrarias a los reparos efectuados, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. Dicho informe atenderá únicamente a aspectos y cometidos propios del ejercicio de la función fiscalizadora, sin incluir cuestiones de oportunidad o conveniencia de las actuaciones que fiscalice.*

Lo contenido en este apartado constituirá un punto independiente en el orden del día de la correspondiente sesión plenaria.

El Presidente de la Corporación podrá presentar en el Pleno informe justificativo de su actuación.

2. *Sin perjuicio de lo anterior, cuando existan discrepancias, el Presidente de la Entidad Local podrá elevar su resolución al órgano de control competente por razón de la materia de la Administración que tenga atribuida la tutela financiera.*

3. *El órgano interventor remitirá anualmente al Tribunal de Cuentas todas las resoluciones y acuerdos adoptados por el Presidente de la Entidad Local y por el Pleno de la Corporación contrarios a los reparos formulados, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. A la citada documentación deberá acompañar, en su caso, los informes justificativos presentados por la Corporación local”.*

*Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA:***



ÚNICO.- *Dar conta ao Pleno do Informe da Intervención Municipal : 172/2020 de “Reparos efectuados pola Intervención municipal no exercicio 2019 e anomalías detectadas en materia de ingresos, así como acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa para incluír en punto separado da orde do día con ocasión da aprobación da CONTA XERAL 2019”*

Os concelleiros e concelleiras presentes na sesión **TOMAN RAZÓN.**

4.- ASUNTOS DE URXENCIA

A Secretaria informa que foi elevado a sesión un asunto fora da orde do día, polo que cumpre previamente a ratificación da súa urxencia, se procede:

“CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA ARTICULAR A ENCOMENDA DE XESTIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS AUXILIARES E DE COLABORACIÓN MATERIAL NA TRAMITACIÓN DOS PROCEDEMENTOS SANCIONADORES COMPETENCIA DOS CONCELLOS DE GALICIA, EN RELACIÓN CO INCUMPRIMENTO DAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN APROBADAS PARA A LOITA CONTRA O COVID- 19

Sometida a votación a ratificación da urxencia e inclusión da orde do día, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes, procédese pola Secretaria a dar lectura á proposta de acordo que se somete a votación:

“PROPOSTA DE ACORDO

ASUNTO.- CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA ARTICULAR A ENCOMENDA DE XESTIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS AUXILIARES E DE COLABORACIÓN MATERIAL NA TRAMITACIÓN DOS PROCEDEMENTOS SANCIONADORES COMPETENCIA DOS CONCELLOS DE GALICIA, EN RELACIÓN CO INCUMPRIMENTO DAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN APROBADAS PARA A LOITA CONTRA O COVID- 19

Nº EXPDTE 2020/X999/000479

Recíbese vía correo electrónico o día 27/11/2020 Convenio entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para a tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos concellos de Galicia, en relación co incumprimento das medidas de prevención aprobadas para a loita contra o COVI-19, co fin de que se se estima se someta á consideración do órgano competente, a adhesión de esta entidade local.

O día 7/12/2020 por parte da Policía Local emite informe que en extracto indica:



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A día de hoy están pendientes de tramitación en esta Policía Local, por incumplimiento de medidas de prevención del COVID-19, las siguientes propuestas de sanción:

-Por parte de la Policía Local:

-2 propuestas de sanción por no llevar puesta la mascarilla en la vía pública. **(200 euros)**

-Por parte de la Guardia Civil:

-1 propuestas de sanción por no llevar mascarilla en la vía pública. **(100 euros)**

-1 propuesta de sanción por incumplimiento de horario de cierre de un establecimiento público. **(300 euros)**

Todas estas infracciones suponen un importe conjunto estimado de **“600 euros”**.-

O día 8 de decembro o Sr. Alcalde en funcións incoa o procedemento e ordea a súa tramitación con carácter de urxencia para ser tramitado polo Pleno convocado para o vindeiro día 10/12/2020

Visto o informe emitido pola Secretaria Xeral da corporación en data 08/12/2020.

Por todo o exposto, propónse a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Solicitar a adhesión ao Convenio entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para a tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos concellos de Galicia, en relación co incumprimento das medidas de prevención aprobadas para a loita contra o COVI-19 e adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas elas, do seguinte teor literal:



CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA ARTICULAR A ENCOMENDA DE XESTIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS AUXILIARES E DE COLABORACIÓN MATERIAL NA TRAMITACIÓN DOS PROCEDEMENTOS SANCIONADORES COMPETENCIA DOS CONCELLOS DE GALICIA, EN RELACIÓN CO INCUMPRIMENTO DAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN APROBADAS PARA A LOITA CONTRA O COVID- 19

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2020

REUNIDOS

Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente primeiro e conselleiro da Presidencia, Xustiza e Turismo, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, Alberto Varela Paz, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (en diante FEGAMP), no uso das facultades que lle son atribuídas polo artigo 46, punto primeiro letra b) dos vixentes estatutos da FEGAMP (aprobados pola asemblea xeral ordinaria do 4 de decembro de 2003) e en virtude do seu nomeamento pola asemblea do 29 de novembro de 2019.

As partes comparecen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecéndose de modo recíproco capacidade xurídica, lexitimidade, suficiencia e vixencia das súas respectivas facultades para subscribir o presente convenio e na súa virtude,



EXPOÑEN

Primeiro.-. Que entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, está a de colaboración e cooperación técnica e administrativa, podéndose levar a cabo mediante a asistencia técnica e a subscrición de convenios.

Segundo.- De conformidade co artigo 1 do Decreto 233/2012, do 5 de decembro, a Vicepresidencia primeira da Xunta de Galicia, configúrase tamén como un órgano superior de coordinación da Presidencia da Xunta de Galicia ao que lle corresponden, entre outras, as funcións de coordinación e planificación interdepartamental e a súa execución, así como asegurar e garantir as necesarias relacións coas administracións locais.

Así mesmo, a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza conforme ao disposto no Decreto 130/2020, do 17 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das Vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia en relación co establecido no Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a súa estrutura orgánica é o departamento encargado de xestionar as competencias e funcións en materia de elaboración, proposta e execución da política do Goberno en materia de Administración Local e de emerxencias e interior que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceiro .- Que a Federación Galega de Municipios e Provincias ten, entre os seus fins, promover, representar e defender os intereses das Entidades Locais ante outras Administracións Públicas, conforme ao disposto no artigo 6.1 letra b) dos seus Estatutos. Con esta finalidade goza de plena capacidade para subscribir convenios e contraer compromisos e obrigas segundo o artigo 8 dos seus Estatutos.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Cuarto .- O 11 de marzo de 2020 a Organización Mundial da Saúde elevou a situación de emerxencia de saúde pública xerada pola expansión do coronavirus COVID-19 a nivel de pandemia internacional. Esta expansión está a xerar unha crise sen precedentes recentes na saúde pública que afecta a todos os sectores e individuos. As distintas administracións, organismos e institucións, nacionais e internacionais, tiveron que adoptar medidas drásticas e urxentes para a prevención e loita contra a pandemia.

Neste sentido, o 13 de marzo de 2020, o Consello da Xunta de Galicia, aprobou o acordo polo que se declarou a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activou o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego) como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19, coa conseguinte asunción da dirección do Plan e de todas as actividades de emerxencia polo titular da presidencia da Xunta de Galicia, de acordo co previsto neste.

Polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, dentro das medidas previstas para facer fronte á situación ocasionada pola extensión do COVID-19. A declaración afectou a todo o territorio nacional por un período inicial de quince días naturais que foi obxecto de ata seis prórrogas autorizadas polo Congreso dos Deputados. Tras o período inicial de quince días naturais e o correspondente á primeira e á segunda prórroga do estado de alarma, iniciouse, durante a terceira prórroga, un proceso de redución progresiva das medidas extraordinarias de restrición da mobilidade, do contacto social e do exercicio de actividades establecidas na versión inicial do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, en especial con motivo da aprobación, polo Consello de Ministros na súa reunión do 28 de abril, do Plan para a transición cara unha nova normalidade. No dito plan se contemplaba un proceso gradual de volta á normalidade dividido en catro fases: unha fase cero ou preliminar e tres fases de desescalada, diferenciadas en función das actividades permitidas en cada unha delas, polas que poderían transitar os diferentes territorios en función de



diversos criterios e indicadores ata chegar á denominada "nova normalidade", na que se poría fin ás medidas de contención, pero se mantería a vixilancia epidemiolóxica, a capacidade reforzada do sistema sanitario, e as medidas de protección persoal da cidadanía.

Quinto .- O artigo 55 da Lei 33/2011, de 4 de outubro xeral de saúde pública dispón que as persoas físicas e xurídicas responsables das accións ou omisións que constitúan infracción en saúde pública serán sancionadas de acordo co disposto neste título". Nese título, o VI, faise unha tipificación propia das infraccións en saúde pública e das correspondentes sancións (artigos 57.2 e 58.1) e finalízase, no artigo 61.1, coa previsión de que "A incoación, tramitación e resolución dos expedientes sancionadores corresponderá á Administración competente por razón do territorio e a materia". Segundo indicou o Consello Consultivo de Galicia no seu informe CCG 263/2020, do 14 de outubro, corresponderá aos concellos cando os incumprimentos que constitúan infracción administrativa en saúde pública se poñan de manifesto no ámbito, ao que alcanza a súa competencia, do control sanitario de industrias, actividades, servizos e transportes e de control sanitario de edificios e lugares de vivenda e convivencia humana.

Pola súa banda o Real Decreto Lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, no parágrafo segundo do seu artigo 31.1 dispón que " a instrución e resolución dos procedementos sancionadores que procedan, corresponderá aos órganos competentes do Estado, das comunidades autónomas e das entidades locais no ámbito das súas respectivas competencias".

Seguindo así mesmo ao Consello Consultivo de Galicia, se os incumprimentos das medidas de prevención e hixiene recollidas no Capítulo II do Real Decreto Lei 21/2020, do 9 de xuño, son subsumibles nalgún dos supostos-tipo de infracción definidos legalmente como infraccións administrativas en saúde pública, e se eses incumprimentos se poñen de manifesto no ámbito ao que alcanza a competencia dos concellos, que inclúe en relación ao obrigado cumprimento das



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

normas sanitarias, o control sanitario de industrias, actividades, servizos e transporte, e o control sanitario de edificios e lugares de vivenda e convivencia humana, entón corresponderá a eses concellos " a instrución e resolución dos procedementos sancionadores que procedan".

Adicionalmente, o artigo 42.3 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade atribúe aos concellos certas competencias en materia de sanidade en relación ao obrigado cumprimento das normas e plans sanitarios e, particularmente, no control sanitario de industrias, actividades, servizos e transportes , ao igual que no control sanitario de edificios e lugares de vivenda e convivencia humana.

No mesmo sentido, o artigo 80.3 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia atribúe aos concellos, entre outras competencias, o control sanitario de industrias, actividades, servizos e transportes que impacten na saúde da súa cidadanía e o control sanitario de edificios e lugares de vivenda e convivencia humana, especialmente dos centros de alimentación, salóns de peiteado, saunas e centros de hixiene persoal, hoteis e centros residenciais, escolas, campamentos turísticos e áreas de actividade física, deportiva e de recreo.

En consecuencia, por virtude do previsto no artigo 42.3 da Lei 14/1986, do 25 de abril, e do artigo 80.3 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, os concellos teñen a obriga de exercer tales controis en relación ao obrigado cumprimento das medidas de prevención aprobadas pola Administración autonómica galega para a loita contra o COVID- 19.

Sexto.- O artigo 11 da lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público regula a encomenda de xestión permitindo que a realización de actividades de carácter material ou técnico da competencia dos órganos administrativos pode ser encomendada a outros órganos da mesma ou distinta Administración, sempre que entre as súas competencias estean esas actividades, por razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.



O tempo transcorrido ata a confirmación polo Consello Consultivo de Galicia (informe 263/2020, do 14 de outubro) das competencias dos concellos na tramitación de determinados procedementos sancionadores derivados dos incumprimentos das medidas de prevención aprobadas para a loita contra o COVID- 19, ten xerado a existencia dunha bolsa de denuncias sen tramitar, producindo ademais unha sensación de impunidade nos incumpridores e, ao tempo, a frustración dos responsables do control do cumprimento da normativa. A este retraso se unen as dificultades propias dos concellos de réxime común da Comunidade Autónoma para a tramitación destes expedientes sancionadores pola carencia de medios técnicos idóneos suficientes.

De conformidade co exposto, as partes reunidas acordan subscribir o presente convenio para instrumentar a encomenda de xestión, polos distintos concellos galegos, na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, para a realización de actuacións auxiliares e de colaboración material na tramitación dos procedementos sancionadores derivados dos incumprimentos das medidas de prevención aprobadas para a loita contra o COVID- 19, cando tal incumprimento sexa subsumible nalgún dos supostos- tipo de infracción en materia de saúde pública, no ámbito que alcance a competencia dos concellos

CLÁUSULAS

CAPÍTULO PRIMEIRO. DISPOSICIÓNS XERAIS

Primeira. Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto instrumentar a encomenda de xestión polos distintos concellos galegos incluídos no ámbito subxectivo de aplicación á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Vicepresidencia primeira e Consellería de presidencia, Xustiza e Turismo, para a realización de actuacións auxiliares e de colaboración



material na tramitación, dos procedementos sancionadores derivados dos incumprimentos das medidas de prevención aprobadas para a loita contra o COVID- 19, cando tal incumprimento sexa subsumible nalgún dos supostos- tipo de infracción en materia de saúde pública no ámbito que alcance a competencia dos concellos.

As condicións de funcionamento polas que se rexerá a presente encomenda de xestión serán as recollidas no Anexo I, e no capítulo II do presente documento.

Segunda. Ámbito de aplicación subxectivo

O presente convenio é de aplicación para a Administración da comunidade autónoma de Galicia e para todos os concellos de réxime común da comunidade autónoma galega que se adhiran ao mesmo.

Terceira. Adhesión ao convenio

O presente convenio constitúe o marco xurídico xeral dentro do cal os concellos de Galicia incluídos no ámbito subxectivo de aplicación poderán asinar a súa adhesión mediante o modelo que figura como Anexo II, coa finalidade de encomendar á Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a realización de actuacións auxiliares e de colaboración material na tramitación, nos termos recollidos no anexo I, dos procedementos sancionadores derivados dos incumprimentos das medidas de prevención aprobadas para a loita contra o COVID- 19, cando tal incumprimento sexa subsumible nalgún dos supostos- tipo de infracción en materia de saúde pública no ámbito que alcance a competencia dos concellos.

Cuarta.- Modificación do convenio

A modificación do presente convenio requirirá a conformidade da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), e formalizarase mediante a subscripción da correspondente addenda ao mesmo.

No caso de que algún dos concellos adheridos non estivera de acordo coa modificación efectuada



poderá denunciar o convenio de acordo co previsto na cláusula sexta.

Quinta. Duración do convenio

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura (coa obriga da publicación do mesmo nun boletín oficial -artigo 11.3.b) da lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público-) ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego. Agora ben, a Comisión de Seguimento da execución do convenio valorará a procedencia de finalizar o convenio antes desa data se a encomenda de xestión deixa de ser necesaria atendendo as circunstancias sanitarias concorrentes e as necesidades dos concellos adheridos ao convenio. Nese caso as partes poderán resolver o convenio de acordo co previsto na cláusula seguinte.

Tanto no caso de extinción do convenio polo levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego como no caso da súa resolución pola desaparición da necesidade da encomenda de xestión, o convenio estenderá a súa vixencia ata o remate dos procedementos sancionadores xa iniciados baixo a vixencia deste convenio, salvo que os concellos adheridos renuncien a esta posibilidade.

O anterior enténdese sen prexuízo da posibilidade de prorrogar a súa vixencia nos termos en que se determinen antes da finalización do correspondente período de vixencia.

Sexta. Resolución do convenio.

O presente convenio poderá extinguirse polas causas legalmente previstas e, en especial, pola ineficacia sobrevinda, por desaparecer a necesidade da encomenda de xestión de acordo co previsto na cláusula quinta, polo incumprimento do convenio ou de calquera das obrigas que contén ou por causas de invalidez.

Así mesmo, as partes poderán denunciar o convenio en calquera momento, sempre cun preaviso mínimo de dous meses de antelación á efectividade da devandita denuncia.



CAPÍTULO SEGUNDO. OBRIGAS DAS PARTES**Sétima.- Obrigas da Xunta de Galicia**

A Xunta de Galicia comprométese a prestar aos concellos que se adhiran ao presente convenio a asistencia técnica e material precisa para a tramitación dos procedementos sancionadores polos incumprimentos das medidas de prevención aprobadas para a loita contra o COVID- 19, cando tal incumprimento sexa subsumible nalgún dos supostos- tipo de infracción en materia de saúde pública, no ámbito que alcance a competencia dos concellos, de acordo co previsto no Anexo I.

A encomenda comprenderá todos os expedientes sancionadores por feitos producidos despois do estado de alarma no mes de xuño do ano 2020, tanto se xa estiveran iniciados como se non.

Oitava.- Obrigas e dereitos dos concellos

Os concellos que se adhiran ao presente convenio se comprometen a iniciar, instruír e resolver os procedementos sancionadores polos incumprimentos das medidas de prevención aprobadas para a loita contra o COVID- 19, cando tal incumprimento sexa subsumible nalgún dos supostos- tipo de infracción en materia de saúde pública, no ámbito que alcance a competencia dos concellos, debendo remitir a Xunta de Galicia a información precisa para que esta poda executar a encomenda de xestión recollida neste convenio, nos termos previstos no anexo I.

Cada concello ingresará nunha conta propia as cantidades recadadas como consecuencia de cada procedemento sancionador, debendo compensar á Xunta de Galicia nunha cantidade equivalente aos custos en que efectivamente tivese incorrido como consecuencia das obrigas asumidas. Esta compensación farase efectiva no prazo de tres meses a contar dende o momento en que a Xunta de Galicia certifique os custos en que efectivamente tivese incorrido.



Novena.- Obrigas da FEGAMP

Coordinarse coa Xunta de Galicia e con todos os concellos de Galicia incluídos no ámbito subxectivo do convenio para difundir a información relativa ao presente convenio de colaboración.

CAPÍTULO TERCEIRO. SEGUIMENTO DO CONVENIO**Décima. Seguimento da execución do convenio**

Co fin de realizar o desenvolvemento, seguimento e avaliación dos resultados, así como a interpretación e cumprimento do presente convenio, as partes asinantes conveñen a constitución dunha comisión mixta, que estará integrada por dous representantes da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, un dos cales actuará como presidente, e outros dous en representación da Fegamp.

O seguimento da execución do presente convenio comprenderá:

- A observación da implantación e efectiva aplicación deste.
- A solución de controversias suscitadas na interpretación deste convenio.
- As propostas de modificación do presente convenio.
- A elaboración de normas e protocolos de desenvolvemento deste convenio.
- A valoración da procedencia de finalizar o convenio antes da data prevista por deixar de ser necesaria a encomenda de xestión, atendendo as circunstancias sanitarias concorrentes e as necesidades dos concellos adheridos ao convenio.



CAPÍTULO CUARTO. FINANCIAMENTO**Décimo primeira. Financiamento**

A Xunta de Galicia realizará con medios propios, a través dos equipos de traballo previstos no anexo I, as actuacións previstas neste convenio.

CAPÍTULO QUINTO. RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS**Décimo segunda.- Natureza do convenio e discrepancias**

O presente convenio ten natureza administrativa.

En especial, o convenio queda suxeito as previsións do artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como no que proceda, á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, fundamentalmente ao seu artigo 57, así como ao Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (artigos 61 a 71), e ao resto da normativa que resulte aplicable.

As controversias que puidesen exporse sobre a interpretación e execución do presente convenio deberán resolverse de mutuo acordo entre as partes, no seo da Comisión de Seguimento prevista na cláusula décima do presente convenio.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na aplicación deste convenio quedarán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo terceira.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

Décimo cuarta.- Publicidade

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio, no lugar e data sinalados ut supra.

Vicepresidente primeiro e Conselleiro de
Presidencia, Xustiza e Turismo

Presidente da Federación Galega de Municipios
e Provincias

P.D.S. (Orde do 26.11.2020)

A directora xeral de Administración Local



ANEXO I**CONDICIÓN DE FUNCIONAMENTO DA ENCOMENDA DE XESTIÓN DOS CONCELLOS ADHERIDOS Á XUNTA DE GALICIA**

No presente anexo se determinan as condicións nas que se producirá a encomenda de xestión á Xunta de Galicia por parte dos concellos que se adhiran ao convenio, para a realización de actividades de carácter material ou técnico precisas para a tramitación dos procedementos sancionadores por incumprimento das obrigas establecidas en materia de saúde pública nos que, conforme á normativa aplicable, a competencia corresponde aos concellos.

Os concellos terán a súa disposición a normativa precisa para a tipificación das infraccións, descrición das sancións e a súa gradación.

A encomenda ten por obxecto a prestación de auxilio técnico aos concellos na preparación dos distintos trámites, redacción de documentos, así como a realización das notificacións, aproveitando os medios propios da Xunta e a experiencia dos funcionarios autonómicos nos expedientes sancionadores da súa competencia.

EQUIPOS DE TRABAJO

Para a realización desta encomenda de xestión a Xunta de Galicia disporá dos seguintes equipos de traballo formados por funcionarios públicos autonómicos:

- **Unidades Tramitadoras Base**, que serán as unidades encargadas de realizar o traballo material de xerar os actos de trámite ou definitivos de cada expediente, de facer os asentos na base de datos empregada pola Xunta de Galicia para a tramitación de procedementos sancionadores, facer as remisións e recepción de documentación dos concellos e realizar as notificacións.
- **Unidades Supervisoras** que dirixen e supervisan o traballo que realicen as unidades tramitadoras base que lles correspondan, e servindo de apoio para a resolución de aspectos operativos, contacto informático e xurídico.



- **Unidade de Coordinación**, á que lle corresponde realizar o seguimento e impulso das tarefas que realizan as unidades anteriores, si como a unificación de trámites e criterios na tramitación dos procedementos

Para facilitar o traballo, unha vez remitidos os expedientes iniciados, elaborárase unha **guía de tramitación sancións covid** que se remitirá aos concellos de inmediato e que estará a disposición tanto das distintas unidades tramitadoras como dos propios concellos. Ademais estarán a disposición dos concellos os datos de contacto das unidades tramitadoras, e, os concellos facilitarán os datos de contacto dos instrutores designados. Por outra parte, as unidades supervisoras proporcionarán información e asesoramento aos concellos sobre as dúbidas que lles poidan xurdir

FLUXO DE TRÁMITES

Coa finalidade de facilitar o funcionamento da presente encomenda de xestión, contéplase o seguinte fluxo de trámites:

1º.- Os concellos remitirán á unidade tramitadora base as denuncias formuladas, así como a identidade do instrutor do procedemento, precisando o seu nome e os seus datos de contacto.

2º.- A unidade tramitadora base da Xunta de Galicia redactará os acordos de incoación co nomeamento de instrutor/a, que se remitirán aos concellos para a súa revisión e para a súa sinatura polos órganos competentes.

Logo de asinados, os acordos de incoación serán remitidos de novo á unidade tramitadora base da Xunta, coas cartas de pagamento que correspondan a cada expediente e os datos necesarios para realizar a correspondente notificación.

3º.- A unidade tramitadora base da Xunta de Galicia realizará as notificacións dos acordos de incoación asinados, cos que se achegarán as cartas de pagamento.

4º.- A unidade tramitadora base comunicará aos concellos as notificacións efectuadas.

5º.- Os concellos comunicarán á unidade tramitadora base da Xunta de Galicia as sancións pagadas e, no caso de que se formulen alegacións ao acordo de incoación, estas serán remitidas á maior brevidade posible á unidade tramitadora base.



6º.- No caso de que non se realice o pagamento e/ou se formulen alegacións pola persoa denunciada, a unidade tramitadora base redactará unha proposta de resolución, que se remitirá ao concello para a súa revisión e, no seu caso, para a súa sinatura polo/a instrutor/a. Logo de asinada a proposta, será remitida á unidade tramitadora da Xunta de Galicia para proceder á súa notificación.

7º.- Os concellos comunicarán á unidade tramitadora as sancións pagadas ou no caso de que se formulen alegacións neste trámite, estas serán remitidas á maior brevidade posible á unidade tramitadora base.

8º.- No caso de que a persoa denunciada non formule alegacións nin xustifique o aboamento da sanción, a proposta de resolución transformarase en resolución. Estes casos serán comunicados polo Concello á correspondente unidade tramitadora base, que converterá a proposta en resolución, que será remitida ao concello para a súa revisión e sinatura polo órgano competente. Logo de asinada a resolución, será remitida de novo á unidade tramitadora base para proceder á súa notificación

9º.- Nos casos de pagamento o concello comunicará á unidade tramitadora base que redactará unha resolución que lle porá fin ao procedemento sancionador.

Nos demais supostos, finalizados os distintos trámites, a unidade tramitadora base redactará as resolucións correspondentes que se remitirán ao concellos para a súa sinatura. Logo de asinada, a resolución será remitida coa correspondente carta de pagamento, de ser o caso, á correspondente unidade tramitadora, para proceder á súa notificación á persoa sancionadora.

10º.- No caso de que a normativa reguladora do procedemento sancionador contemple a realización doutros trámites complementarios dos previstos nos números anteriores, o fluxo de traballo axustarase a un esquema semellante, correspondendo a redacción de documentos ás unidades tramitadoras e a súa revisión e sinatura, de proceder, á autoridade municipal competente ou á persoa instrutora, segundo os casos.

11º.- A unidade tramitadora completará con todas as actuacións realizadas un dossier electrónico de cada procedemento, que será remitido ao concello para o seu arquivo. O tratamento polas unidades tramitadoras de datos persoais por razón destas actuacións limitarase en calquera caso aos datos estritamente necesarios para a finalidade da presente encomenda, polo tempo estritamente necesario para a execución da presente encomenda de xestión.



ANEXO II**PROTOCOLO DE ADHESIÓN**

D./Dña (nome e cargo), en representación da (Entidade Local),

DECLARA:

Que o (órgano competente) de (concello) acordou, con data ____ de ____ de 2020, solicitar a adhesión ao Convenio entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para a tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos concellos de Galicia, en relación co incumprimento das medidas de prevención aprobadas para a loita contra o COVID-19

e, en consecuencia,

MANIFESTA:

A vontade de (concello) de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas elas.

(Lugar, data e sinatura).

SEGUNDO.- Publicar o presente acordo no BOP A Coruña para xeral coñecemento.

TERCEIRO.- Facultar ao Alcalde-Presidente tanto como sexa necesario para a execución de todo o relacionado co presente acordo.

CUARTO.- Dar traslado do acordado á Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, así como aos servizos económicos e á policía local aos efectos oportunos.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A Presidencia abre a quenda para o debate, tomando a palabra o Sr. Alcalde en funcións para indicar que a urxencia resulta de que o acordo hai que enviálo á Xunta antes do 15 de decembro. A Xunta resérvase a porcentaxe do premio de cobranza da recadación das multas.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Solicitar a adhesión ao Convenio entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para a tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos concellos de Galicia, en relación co incumprimento das medidas de prevención aprobadas para a loita contra o COVID-19 e adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas elas, do teor literal recollido na proposta transcrita.

SEGUNDO.- Publicar o presente acordo no BOP A Coruña para xeral coñecemento.

TERCEIRO.- Facultar ao Alcalde-Presidente tanto como sexa necesario para a execución de todo o relacionado co presente acordo.

CUARTO.- Dar traslado do acordado á Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, así como aos servizos económicos e á policía local aos efectos oportunos.

Non habendo máis asuntos que tratar, o alcalde en funcións levanta a sesión, sendo as doce horas e cincuenta e catro minutos horas do expresado día.

Autorízase o presente borrador da acta coas sinaturas dixitais do alcalde en funcións e da secretaria, que dá fe.

